



# **EXHUMAR O FRANQUISMO**

Recuperemos o Val de Cuelgamuros para a democracia

**PODEMOS.**



## Índice

Que facer con Cuelgamuros? .....	5
Non falemos de reconciliación, senón de xustiza .....	7
Que facemos con Franco e con Primo de Rivera? .....	8
Un Val <i>sen caídos</i> . .....	9
Dun memorial fascista a un lugar para a memoria democrática .....	10



## Que facer con Cuelgamuros?

O 18 de xullo de 1936, un golpe cívico-militar depuxo as autoridades lexítimas da Segunda República. O levantamento, apoiado pola Alemania nazi e a Italia fascista, tivo como obxectivo o exterminio de todas aquelas persoas e grupos sociais, políticos e culturais contrarios á ideoloxía nacional-católica que inspiraba aos golpistas.

Como resultado do levantamento xurdiu unha ditadura que vulnerou de xeito sistemático os dereitos máis elementais de centenaes de miles de persoas durante máis de corenta anos: desaparecidos en foxas comúns; asasinados, represaliados, torturados e encarcerados por cuestións políticas, relixiosas ou de orientación sexual; miles de deportados a campos de concentración e exiliados; bebés roubados ás súas nais; meniñas levadas a preventorios, e un inacabábel etcétera.

Crimes de lesa humanidade que non prescriben e que se perpetúan ata día de hoxe no noso país con vítimas e familiares que teñen os seus dereitos fundamentais desatendidos, coma son o dereito á verdade, á xustiza, á reparación e ao garante da non repetición. Unha cultura da impunidade sostida pola ausencia de xustiza, o cal vulnera tamén o dereito á verdade de toda sociedade, sen atender a dimensión de xénero das reparacións destes crimes, xa que as mulleres foron vítimas dobremente: pola súa condición ideolóxica e polo seu xénero.

Ao longo dos case corenta anos que durou a ditadura, o chamado “Valle de los Caídos” foi a obra simbólica e politicamente máis importante do franquismo, non só por se converteres na tumba megalómana do ditador, senón por seres un memorial do fascismo. No mesmo decreto do 1 de abril de 1940, que daría comezo ao proxecto monumental do Val, xa se recollía que o seu propósito era “perpetuar a memoria daqueles que caeron na nosa gloriosa cruzada”. Todo un santuario que perdurou corenta anos en democracia. Agora, coa aprobación no Congreso do Real Decreto Lei 10/2018, do 24 de agosto, polo que se modifica a Lei 52/2007, do 26 de decembro, permítese exhumar o corpo do ditador, e con isto ábrese a posibilidade non só de sacar a Franco do actual Val dos Caídos, senón de rematar coa impunidade da que aínda hoxe goza o franquismo na nosa democracia. Se simplemente sacamos a Franco do Val, corremos o risco de que este poida ser simbolicamente aínda máis

potente sen el, por iso é fundamental facer unha intervención que rompa totalmente o poder simbólico deste memorial do fascismo, como xa se fixo noutros países do noso entorno con este tipo de monumentos.

É incompatible ter un mausoleo a un ditador nunha democracia, mantido amais con diñeiro público e onde están enterradas miles de vítimas en contra da vontade e do coñecemento dos seus familiares. Un lugar de represión que no presente forma parte dun percorrido turístico como é a “ruta imperial”, o que xera unha cultura de banalización da ditadura e vulnera o dereito á verdade dos que o visitan. A xustiza internacional considera que os crimes contra a humanidade son imprescritíbeis e inamnistiabeis. Temos que denunciar o que significa que aínda hoxe existan foxas pechadas; persoas coa súa identidade perdida, desaparecida ou roubada; persoas torturadas que conviven cos seus torturadores; ex-ministros que asinaron sentenzas de morte; familiares dos condenados que conviven con eses ex-ministros, e un longo e inadmisíbel etcétera.

Como sinala o informe de expertos *De un Valle de lágrimas a un Valle de memorias*:

É evidente que o Val dos Caídos é un enclave onde conviven varias memorias, ata o de agora rexidas pola sombra do ditador e ao abeiro do nacional-catolicismo máis rancio, o da unión da espada e da cruz. E é evidente tamén que os millares de mortos aí enterrados merecen respecto, pero respecto non quere dicir unha disolución de memorias baixo un mesmo memorial “reconciliador”. [...] Explicar, periodizar, identificar, dignificar e actuar deben ser as prioridades. E estas prioridades pasan por identificar e tratar as diferentes memorias ou os diversos elementos memoriais por separado.

Por conseguinte, en Podemos entendemos que é fundamental ir máis aló da exhumación de Francisco Franco: cómpre presentar unha proposta integral sobre o Val acorde cos preceptos internacionais da memoria democrática e que se converta nun primeiro paso para rematar dunha vez por todas cunha situación que os informes das Nacións Unidas cualifican coma un estado de impunidade inaceptábel dende a perspectiva do dereito internacional dos dereitos humanos.

## Non falemos de reconciliación, senón de xustiza

Ultimamente escoitamos de máis as palabras *concordia* e *reconciliación* como coartada para xustificar o feito de non tocar o Val, deixalo como está e non *abrir* máis feridas. A nosa intención non pode ser máis oposta a abrir feridas, pois temos a firme vontade de traballar para pechallas dunha vez por todas. Porén, un lugar erixido baixo a vontade dun ditador para “unir aos españois” e utilizado dende entón como espazo de culto á súa figura e ao franquismo non pode ser un lugar de reconciliación, senón máis ben todo o contrario. Como sinalou con acerto no Congreso dos Deputados Fabián Salvioli, relator especial das Nacións Unidas para a promoción da verdade, a xustiza, a reparación e o garante de non repetición: «Cómpre facer unha reconversión do Val, xa que a mensaxe asimétrica que continúa a blindar o Val dos Caídos segue revitimizando ás vítimas dos crimes de lesa humanidade da ditadura”.

Cando se producen violacións dos dereitos humanos e o Estado é cómplice, e cando en democracia non se aplica unha xustiza transicional, a sociedade deixa de confiar no Estado. A reconciliación é a recuperación da confianza por parte da sociedade nun Estado que incumpriu o seu deber como garante de dereitos. Consecuentemente, en Podemos cremos que a única reconciliación posíbel é a de garantir o dereito á xustiza.

O actual Val dos Caídos representa o asasinato, a represión e a barbarie dunha ditadura. Trátase dun lugar de culto ao fascismo que anacronicamente sobrevive nunha democracia e que supón unha excepción arrepiante en Europa que debe chegar ao seu fin e así é que avogamos pola súa reconversión nun espazo para a memoria.

## Que facemos con Franco e con Primo de Rivera?

En Podemos defendemos que o traslado dos restos de Franco ten que ser unha intervención transparente, que amose como o Estado afronta esa anomalía mediante unha acción democrática, é dicir, para que fiquen claros que é un sistema democrático o que pon fin ao mausoleo dun ditador. Así mesmo, tamén consideramos que o Estado debe ter preparadas opcións e dispositivos que eviten que os novos emprazamentos do corpo do ditador poidan converterse nun punto de peregrinación do franquismo, como acontece actualmente cos restos do fascista Benito Mussolini no municipio de Predappio, onde xacen dende 1957. Por iso, o novo emprazamento do cadáver de Franco require, pola banda da Administración competente, que se estableza un plan de xestión específico para eliminar de raíz calquera posibilidade de que se cree un novo lugar de culto ao franquismo.

Durante estes meses a exhumación de Franco foi o tema central dos debates, o que invisibilizou a José Antonio Primo de Rivera, quen, como se sabe, non é unha simple “víctima da guerra civil”. A este respecto, facemos nosas as palabras que se recollen no informe *De un Valle de lágrimas a un Valle de memorias*:

O propio Franco estableceu unha xerarquía martirizadora ao cederlle un espazo baixo a gran cúpula fronte ao altar. Este feito, en si mesmo, aparte da vontade do ditador de contentar aos sectores falanxistas, significaba que o emprazamento debería responder á ritualización, conmemoración e lembranza permanente do falanxismo coma parte da memoria oficial da ditadura. Este ritualismo, prolongado no tempo e en período democrático por algúns nostáxicos, debe ser eliminado. Por iso, a proposta tamén plantexa que a familia se faga cargo de decidir en que tumba privada prefiren enterralo.

E do mesmo xeito que sinalabamos antes ao referírmonos ao corpo de Franco, debe evitarse que o novo emprazamento para os restos de Primo de Rivera se converta nun lugar de culto fascista. Temos que lembrar que a súa exhumación está incluída na proposición de non lei aprobada polo Congreso o pasado ano e no informe do Comité de Expertos creado por Zapatero no 2011 sobre o futuro do Val e que serve como cemento do proceso actual. Por todo isto, cremos que non hai escusas para exhumar o corpo de José Antonio Primo de Rivera do Val.



## Un Val sen caídos

En Podemos consideramos que o Goberno debe adoptar todas as medidas que sexan oportunas para eliminar calquera óbice que impida o recoñecemento peno e efectivo do dereito á xustiza e a conseguinte reparación das vítimas (e os seus familiares) que sufriron graves violacións dos dereitos humanos durante a ditadura franquista e que actualmente están enterradas no Val de Cuelgamuros.

Non tódolos corpos que se atopan no Val son iguais, por iso insistimos na súa identificación e distinción en polo menos tres grupos:

- Quen foron represaliados da ditadura franquista e trasladados, sen coñecemento nin consentimento dos seus familiares, das foxas comúns onde se atopaban (estímase que poden chegar a ser uns 12 000). Neste caso, é fundamental que o Estado asuma a xudicialización dos procesos de exhumación de cara a que a Policía e o Instituto de Medicina Legal tutelén as exhumacións dos corpos dos represaliados, o que significa que se ocuparán da identificación individual dos cadáveres (é dicir, cadáver por cadáver, sen romper a cadea de custodia), unha cuestión que debe ser asumida polo Estado.
- Os chamados “caídos” durante a guerra civil, que deben ser identificados, exhumados e entregados ás súas familias. No caso de que non se atope aos familiares ou de que estes non se fagan cargo dos corpos, propoñemos a construción dun cerimonial no Val de Cuelgamuros sen ningún tipo de xerarquía funeraria.
- Quen morreron na construción do Val de Cuelgamuros durante as xornadas de traballo forzado. Estes corpos teñen que ser identificados, exhumados e entregados ás súas familias. No caso de que non se atope aos familiares ou de que estes non se fagan cargo dos corpos, propoñemos o seu enterramento nun cerimonial no Val, onde se lembre como morreron e como se construíu o Val dos Caídos.

## Dun memorial fascista a un lugar para a memoria democrática

En Podemos apostamos por un proxecto que contemple un novo significado do Val de Cuelgamuros e a súa xestión pública co fin de reconvertelo nun lugar para a memoria democrática e antifascista.

Para acadar o obxectivo de transformar o espazo nun centro memorialista, entendemos que é preciso darlle un novo significado ao Val conservando o deseño estético, mais acometendo unha serie de actuacións que rompan totalmente o poder simbólico deste, un traballo no que interveñan artistas, urbanistas e arquitectos para rompelo fisicamente, o que non quere dicir en absoluto destruílo. Para isto, é fundamental:

Que o espazo sexa desprovisto da simboloxía fascista tanto no interior coma no exterior, incluída a unión entre a cruz e a espada. Esta cruz, característica actualmente do Val, poderíase derribar e empregar os seus residuos gravosos para crear outro monumento de dignificación e de respecto ás vítimas.

É imprescindible a desacralización do espazo e a súa total recuperación, incluída a basílica. Para iso, deberíanse revisar os acordos de 1979 entre o Estado español e a Santa Sede, que lle outorgaron o control da basílica aos relixiosos. Isto non implicaría afastar e eliminar a simboloxía relixiosa que hai actualmente no lugar, senón dar a Patrimonio Nacional un control total sobre o espazo.

Para a proposta de reconversión do Val nun espazo para a memoria democrática, apostamos pola apertura dun concurso público internacional que conte sempre coa participación e opinión das asociacións e os movementos memorialistas, así como das vítimas, evitando de este xeito a dobre vitimización da que nos alertan algúns organismos internacionais, como lembrou recentemente, na sede parlamentaria, o relator especial das Nacións Unidas para a promoción da verdade, a xustiza, a reparación e o garante de non repetición.

Todo isto debe estar contemplado nun plan de actuación integral que inclúa os dous eixes: lugar e vítimas. Ademais da vontade política pertinente, dito proxecto tense que acompañar dun orzamento —a Administración, dende Patrimonio, debe facerse cargo desta dotación orzamentaria— e dun plan de actuación estratéxico en materia de comunicación relativo ao turismo e á ensinanza, onde se introduza a reformulación deste lugar simbólico, icónico e único nun Parque Memorial. Un espazo que estea artellado con outros lugares de memoria europeos e cuxo obxectivo sexa explicar o que alí aconteceu e o que foi a ditadura, así como colocar este lugar no marco europeo do fascismo e o nazismo, para que sexa tamén unha ferramenta de concienciación acerca da gravidade do auxe actual do fascismo en Europa.



[exhumarelf franquismo.podemos.info](http://exhumarelf franquismo.podemos.info)

**PODEMOS.**